PREGUNTAS FRECUENTES
SILEX

CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
Nome do documento:	FAQ_licitador_GAL.docx	Versión:	01.00
Codificación do documento:	Tipo de documento		
Elaborado por:	CIXTEC	Data:	15/04/2020
Validado por:		Data:	
Aprobado por:		Data:	

	REXISTRO DE CAMBIOS	
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Situación

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Consellería de Facenda e Administración Pública. A información que contén deberase empregar, exclusivamente, para os fins para os que se xerou e que requiran necesariamente do seu emprego.

A reprodución, total ou parcial, por calquera medio ou método, do contido deste documento para un fin distinto ao inicialmente previsto non está autorizada.

ÍNDICE

1. ACCESO Á APLICACIÓN E AOS EXPEDIENTES: 4

1.1. Cando teña unha oferta para presentar, que requisitos me esixe SILEX para facer a licitación? 4

1.2. Teño identificación electrónica, como podo saber se SILEX a vai recoñecer? 4

1.3. Teño todos os requisitos para acceder, pero o navegador non recoñece o meu certificado, como se pode solucionar? 4

1.4. A ferramenta SILEX é necesaria para a presentación de ofertas, como se pode facer a instalación? 5

1.5. Acceso á contorna de probas, que son e para que serven os expedientes de proba? 5

2. CONSIDERACIÓNS NOS ARQUIVOS PERTENCENTES Á OFERTA 6

2.1. Para poder conformar a oferta, cal é o límite de tamaño dos arquivos e da oferta? 6

2.2. Para presentar a miña oferta, que formato poden ter os arquivos que a conforman? 6

2.3. O SILEX non recoñece o tipo de arquivo que presento, como podo achegalo? 6

2.4. Para a documentación requirida no expediente preciso achegar varios arquivos, pero a aplicación só me deixa introducir un, como podo achegar máis arquivos? 6

2.5. Que consideracións se deben ter para almacenar os documentos que conforman a oferta? 6

2.6. Non teño dispoñibles todos os documentos que teño que achegar na oferta, podo comezar a preparar a miña oferta en SILEX igualmente? 6

3. CONSIDERACIÓNS NA PRESENTACIÓN DE OFERTAS DUNHA UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS (UTE) 7

3.1. Como dar de alta unha UTE? 7

3.2. Ao acceder á miña UTE, que non creei eu, non a podo ver no listado de empresas 7

3.3. A declaración de constitución de UTE non está contemplada na documentación a presentar no sobre A: como presento este documento? 7

3.4. As distintas empresas que conforman unha UTE, necesitan asinar un mesmo documento, que opción é a máis áxil na sinatura da documentación nas UTE? 8

3.5. Estamos invitados a un expediente e somos unha UTE, como visualizamos o expediente para presentar a oferta? 8

3.6. Estando invitados a un expediente co noso NIF da UTE, como presentamos a oferta? 8

4. SINATURA E ENVÍO DA OFERTA 9

4.1. Empezo o proceso de sinatura da miña oferta: que sinaturas son obrigatorias en SILEX e cales se poden realizar de forma externa? 9

4.2. Na miña empresa somos varios representantes que necesitan asinar a documentación, cantas persoas poden asinar a oferta? 9

4.3. Houbo un corte de electricidade ou de rede no momento da sinatura da oferta, como se recupera a sinatura dos documentos en SILEX? 9

4.4. Durante o envío, houbo un corte de electricidade ou rede e o proceso non se completou, como se recupera o proceso de envío? 9

4.4.1. Interrupción do envío da oferta dentro do prazo de presentación. 10

4.4.2. Interrupción do envío da oferta finalizado o prazo de presentación. 10

4.5. Rematei a entrega da miña oferta, que tipo de consideracións debo ter en conta? 10

1. ACCESO Á APLICACIÓN E AOS EXPEDIENTES:

1.1. Cando teña unha oferta para presentar, que requisitos me esixe SILEX para facer a licitación?

1. Un certificado dixital recoñecido ou DNIe non revocado nin caducado.
2. Un equipo con sistema operativo Windows 7 ou superior, conexión a internet e un navegador Edge, Mozilla Firefox ou Google Chrome (últimas versións).
3. Ter instalada a última versión da Ferramenta de licitación SILEX.

Hai máis información no ***"punto 2. Consideracións importantes"*** e ***"3. Requisitos para licitar da Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.

1.2. Teño identificación electrónica, como podo saber se SILEX a vai recoñecer?

Tanto o DNIe como os certificados dixitais son válidos para o acceso á aplicación.

Dentro dos certificados cabe destacar que se poden utilizar aqueles que sexan recoñecidos pola Consellería de Facenda e Administración Pública. Os certificados de acceso poden ser de dous tipos:

- Certificados de persoa física
- Certificados de representante de persoa xurídica

Para comprobar que o seu certificado é válido para acceder a SILEX, pode acceder á web http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/servizos-e-tramites/ov-perceptores/admision-autoridades-certificadoras

1.3. Teño todos os requisitos para acceder, pero o navegador non recoñece o meu certificado, como se pode solucionar?

É importante recordar que algúns navegadores necesitan unha instalación previa do certificado para que funcione correctamente. No Mozilla Firefox, para importar unha copia do certificado hai que acudir ao almacén do certificado no mesmo navegador:

1. "Abrir Menú"
2. "Opcións"
3. "Privacidade e Seguranza" → "Certificados"
4. "Ver Certificados"
5. "Importar"



Ao premer o botón ***[Importar]***:

1. O navegador abre un explorador.
2. Nel, escóllese o certificado.
3. Introdúcese o contrasinal.



O certificado queda instalado no navegador.

1.4. A ferramenta SILEX é necesaria para a presentación de ofertas, como se pode facer a instalación?

A ferramenta de licitación SILEX é un compoñente da aplicación SILEX que é preciso ter instalada no equipo para garantir a sinatura e envío dos arquivos da oferta. No menú de SILEX -> ***"Area de descargas"*** -> ***"Ferramenta de licitación SILEX"*** está dispoñible o executable para a instalación.

Véxase o punto ***"4. Instalación da Ferramenta de licitación SILEX"*** da ***"Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.

1.5. Acceso á contorna de probas, que son e para que serven os expedientes de proba?

Os expedientes de proba son unha copia do expediente real, sen ningún tipo de validez legal, que axudan a coñecer o programa e a verificar que o equipo co que estamos a traballar está preparado para a presentación da oferta real que se vaia a realizar.

Para realizar un expediente de proba accédese coa opción ***"Acceso á contorna de probas"*** de ***"Servizos con certificado"*** situado na parte superior dereita do menú.

Hai que recordar que este proceso é de probas polo que se recomenda non anexar documentos de ofertas reais, se non documentos con tamaños de arquivos similares para poder simular da maneira máis real posible ese envío de oferta.

2. CONSIDERACIÓNS NOS ARQUIVOS PERTENCENTES Á OFERTA

2.1. Para poder conformar a oferta, cal é o límite de tamaño dos arquivos e da oferta?

A aplicación ten unha capacidade para presentar documentos de ata 400 Megabytes e o total da oferta non pode superar 1 Gigabyte. A aplicación recoñece a maioría de tipos de arquivos. Para un envío áxil da oferta recoméndase que o tamaño dos arquivos sexa o máis pequeno posible.

2.2. Para presentar a miña oferta, que formato poden ter os arquivos que a conforman?

A aplicación admite os seguintes formatos de arquivos:
.pdf, .doc, .xls, .xml, .ppt, .rtf,.odt, .ods, .odp, .sxw, .sdw, .abw, .jpg, .bmp, .tiff, .7z, .rar, .xsig, .zip, . docx, .docm, .xlsx, .xlsm, .xltx, .xlsb, .pptx, .pptm, .ppsx, .ppsm, .potx, .sldx, .sldm e .xades.

Véxase o ***"punto 8.4. Preparar oferta"*** da ***"Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.

2.3. O SILEX non recoñece o tipo de arquivo que presento, como podo achegalo?

Para poder entregar arquivos non recoñecidos polo SILEX, é preciso comprimir o arquivo nun formato .zip ou .7z.

É necesario ter en conta que dende SILEX asinarase o arquivo comprimido, pero, se por solicitudes do prego, o arquivo interno necesita sinatura, débese asinar de forma externa á aplicación.

2.4. Para a documentación requirida no expediente preciso achegar varios arquivos, pero a aplicación só me deixa introducir un, como podo achegar máis arquivos?

Para entregar varios arquivos cando só está permitido no expediente subir un, é preciso comprimir os arquivos nun único arquivo con formato .zip ou .7z.

É necesario ter en conta que dende Silex asínase só o arquivo comprimido, pero, se por solicitudes do prego, o arquivo interno necesita sinatura, débese asinar de forma externa á aplicación.

2.5. Que consideracións se deben ter para almacenar os documentos que conforman a oferta?

Durante todo o proceso da entrega da oferta, ata a súa finalización, é necesario que os documentos estean gardados sempre na mesma ruta do ordenador. A aplicación utilizará de novo esta ruta en caso de interrupción do proceso de sinatura ou envío.

A recomendación é que os datos estean gardados durante todo o proceso de presentación da oferta no propio equipo informático e non en unidades externas ou unidades de rede. No caso de que o PC estea sincronizado con cartafoles compartidos ou unidades de rede, recoméndase pausar a sincronización mentres se estea realizando a presentación da oferta.

2.6. Non teño dispoñibles todos os documentos que teño que achegar na oferta, podo comezar a preparar a miña oferta en SILEX igualmente?

A aplicación permite que o proceso ***"Achega de documentación e sinatura da oferta"***, se prolongue no tempo todo o que sexa preciso antes da finalización do prazo de presentación de ofertas. Polo tanto, é posible achegar documentos e retomar a oferta todas as veces necesarias. SILEX, tras saír do sistema, no seguinte acceso volve ao último punto da preparación da oferta para que se poda continuar.

3. CONSIDERACIÓNS NA PRESENTACIÓN DE OFERTAS DUNHA UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS (UTE)

3.1. Como dar de alta unha UTE?

No ***"paso 2 da Presentación de ofertas"***, no apartado ***"Alta de empresas"*** está dispoñible a creación de altas de UTE. Nel, poderase especificar todo o implicado na UTE: as empresas, a porcentaxe de implicación e os responsables.

Véxase o ***"punto 8.2.2. Engadir UTE"*** da ***"Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.

3.2. Ao acceder á miña UTE, que non creei eu, non a podo ver no listado de empresas

Esta incidencia prodúcese porque a persoa que creou a UTE non o engadiu como usuario na alta da UTE en SILEX. É preciso contactar coa persoa que creou a UTE para que o engada.

3.3. A declaración de constitución de UTE non está contemplada na documentación a presentar no sobre A: como presento este documento?

Dentro do paso: Preparación da oferta, tras os documentos requiridos pola entidade, aparece a opción: ***"Engadir outros documentos"***. Dende esta opción pódense engadir documentos a maiores dos solicitados.



3.4. As distintas empresas que conforman unha UTE, necesitan asinar un mesmo documento, que opción é a máis áxil na sinatura da documentación nas UTE?

A opción máis recomendable é a sinatura dos documentos polas empresas implicadas fóra do SILEX (Por exemplo: Adobe Reader ou similar), e despois a entrega da oferta por parte dun só responsable da UTE na aplicación SILEX.

Véxase o ***"punto 8.5 Asinar oferta"*** para ter en conta as distintas opcións de sinatura, na ***"Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.

3.5. Estamos invitados a un expediente e somos unha UTE, como visualizamos o expediente para presentar a oferta?

Para acceder como UTE á licitación dun expediente con invitación (menor, negociado sen publicidade), é necesario, no momento de darse de alta como UTE, facer a procura de expedientes introducindo o NIF da empresa invitada pola entidade, no campo ***'Documento'***.

Ao premer o botón ***[Buscar]*** aparecerá o expediente para presentar a oferta.

Véxase o ***"punto 8.2.2. Engadir UTE"*** da ***"Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.



3.6. Estando invitados a un expediente co noso NIF da UTE, como presentamos a oferta?

Para acceder como UTE xa constituída á licitación dun expediente con invitación (baseados, contrato menor, etc.) é necesario, no momento de darse de alta como UTE, facer a procura de expedientes introducindo o NIF da UTE no campo 'Documento'.

Ao premer o botón ***[Buscar]*** aparecerá o expediente para presentar a oferta.

Véxase o ***"punto 8.2.2. Engadir UTE"*** da ***"Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.

4. SINATURA E ENVÍO DA OFERTA

4.1. Empezo o proceso de sinatura da miña oferta: que sinaturas son obrigatorias en SILEX e cales se poden realizar de forma externa?

Serán dadas como válidas e recoñecidas por SILEX as sinaturas realizadas en documentos con formato .pdf. No resto de documentos é preciso que a sinatura sexa realizada dende a aplicación.

A maiores, serán asinados pola aplicación os sobres necesarios para a entrega da oferta.

4.2. Na miña empresa somos varios os representantes que necesitan asinar a documentación, cantas persoas poden asinar a oferta?

SILEX non limita o número de sinaturas a introducir.

Existen diversas formas de realizar a sinatura dos documentos:

1. De maneira externa, en aplicacións como, por exemplo: Adobe Reader ou similar.
2. Dende a aplicación SILEX.

Para poder realizar a sinatura dende a aplicación, é necesario, nos datos da empresa en SILEX, constar como representante da mesma.

Para esta opción tamén existe a posibilidade de realizar a sinatura dende un mesmo equipo informático para todos os representantes ou dende distintos equipos informáticos.

Véxase o ***"punto 8.5 Asinar oferta"*** para ter en conta as distintas opcións de sinatura, na ***"Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.

4.3. Houbo un corte de electricidade ou de rede no momento da sinatura da oferta, como se recupera a sinatura dos documentos en SILEX?

Se durante o proceso de sinatura da oferta hai unha interrupción, o usuario deberá volver a acceder ao SILEX, escoller a empresa ou UTE e acceder á oferta; a Ferramenta de licitación SILEX accederá á ruta dos arquivos (sempre e cando non se modificara) e solicitará de novo a sinatura.

No caso de que os documentos cambiasen de ruta, SILEX solicitará a carga manual dos arquivos de novo e procederá á sinatura.

4.4. Durante o envío, houbo un corte de electricidade ou rede e o proceso non se completou, como se recupera o proceso de envío?

Se tras iniciar o proceso de envío da oferta/documentación hai unha interrupción (corte de electricidade ou de rede, cancelación do proceso de envío, etc.), é necesario reiniciar o equipo e volver a acceder ao SILEX, escoller a empresa ou UTE e acceder á oferta/requirimento. SILEX retomará o envío ata finalizalo.

Dita interrupción pode darse tanto á hora de realizar o envío, dentro do prazo de presentación de ofertas/documentación, como cando xa finalizou.

Se ao tentar volver a realizar o envío amósase o seguinte aviso, é necesario esperar cinco minutos para realizar o proceso. É recomendable reiniciar o PC dende o que se está a presentar a oferta:



4.4.1. Interrupción do envío da oferta dentro do prazo de presentación.

Se, cando se interrompe o proceso de envío, o expediente/requirimento aínda está dentro do prazo de presentación, pódese volver a realizar o envío ata que finalice ese prazo.

4.4.2. Interrupción do envío da oferta finalizado o prazo de presentación.

Se, cando se interrompe en proceso de envío, o expediente/requirimento xa non está dentro do prazo de presentación, pódese volver a realizar o envío no prazo das 24 horas seguintes dende o inicio do proceso de envío.

4.5. Rematei a entrega da miña oferta, que tipo de consideracións debo ter en conta?

A recomendación, tras a finalización da oferta, é descargar o xustificante de presentación de oferta, ademais de facer unha copia de seguridade da oferta presentada. Esta copia débese manter inalterada ata que finalice o procedemento, xa que o órgano de contratación pode requirila.

Véxase o ***"punto 8.6. Presentar oferta"*** da ***"Guía para comezar a licitar"*** á que se pode acceder dende o apartado ***"Axuda"***.